

traballadores. No dito artigo recóllese a redacción orixinal da Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos traballadores.

Os axentes sociais, como froito das reunións que tiveron lugar dentro do diálogo social, puxeron de manifesto a necesidade de proceder á reforma de determinados aspectos da extensión de convenios colectivos. O Goberno asume e recolle este chamamento, promovendo a presente modificación lexislativa, consensuada cos ditos axentes.

Os aspectos fundamentais que se reforman mediante esta lei refírense ós supostos en que procede a extensión, centrándoos arredor dos prexuízos derivados para traballadores e empresarios da imposibilidade de subscribiren no seu ámbito un convenio colectivo dos previstos no título III do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, orixinada na ausencia de partes lexitimadas para a súa subscrición. Preténdese así eliminar anteriores supostos que podían dar lugar a inxerencias ou iniciativas non desexadas nun ámbito negocial concreto.

Refórmanse, así mesmo, aspectos do procedemento, fundamentalmente no referido á súa duración, o cal se facía necesario axilizar mediante o seu acurtamento. Así mesmo fíxanse os efectos desestimatorios da ausencia de resolución expresa.

Outros aspectos que se tratan son a adecuación, en canto á autoridade laboral competente, á existencia de Administracións públicas territoriais con competencia na materia, pois como quedou exposto, a redacción do artigo 92.2 databa de 1980. Tamén, finalmente, se identifican con precisión os suxeitos con lexitimación ou capacidade para solicita-la extensión dun convenio.

Artigo único.

A alínea 2 do artigo 92 do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, queda redactado nos seguintes termos:

«2. O Ministerio de Trballo e Asuntos Sociais, ou o órgano correspondente das Comunidades Autónomas con competencia na materia, poderán estender, cos efectos previstos no artigo 82.3 desta lei, as disposicións dun convenio colectivo en vigor a unha pluralidade de empresas e traballadores ou a un sector ou subsector de actividade, polos prexuízos derivados para eles da imposibilidade de subscribir no dito ámbito un convenio colectivo dos previstos neste título III, debida á ausencia de partes lexitimadas para iso.

A decisión de extensión adoptárase sempre por instancia de parte e mediante a tramitación do procedemento que regulamentariamente se determine, do que a duración no poderá exceder de tres meses, tendo a ausencia de resolución expresa no prazo establecido efectos desestimatorios da solicitude.

Terán capacidade para inicia-lo procedemento de extensión aqueles que se atopan lexitimados para promove-la negociación colectiva no ámbito correspondente conforme o disposto nos artigos 87.2 e 3 desta lei.»

Disposición transitoria única.

Os procedementos de extensión de convenios iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei tramitaranse conforme a normativa vixente ata ese momento.

Disposición final primeira.

Facúltase o Goberno para dicta-las disposicións regulamentarias que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento desta lei.

Disposición final segunda.

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 6 de xullo de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

14949 *LEI 25/1999, do 6 de xullo, pola que se declaran cooficiais as denominacións Alacant, Castelló e València para as provincias que integran a Comunidade Valenciana.* («BOE» 161, do 7-7-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e Eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 3 da Constitución estableceu un sistema xurídico que permite falar de dobre oficialidade lingüística entre o castelán e outras linguas declaradas oficiais nos respectivos estatutos de autonomía.

O artigo 7 do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana declarou idioma cooficial o valenciano, indicando, pola súa vez, que se debe garanti-lo «uso normal e oficial» das dúas linguas. Por outra parte, o mesmo estatuto, no seu artigo 3, indica que «el territorio de la Comunidad Autónoma comprende el de los municipios integrados en las provincias de Alicante, Castellón y Valencia»; sen embargo, a edición en valenciano do Estatuto refírese a «les provincias d'Alacant, Castelló e València». Hai, polo tanto, que entender que as ditas denominacións son as cooficiais no ámbito da Comunidade Valenciana. Este mesmo feito reproducéase na «Llei d'Us i Ensenyament del valencià» (Lei 4/1983, do 23 de novembro) cando, no seu título V, establece as zonas de «predominio lingüístico» dunha ou outra lingua.

En todas estas denominacións en valenciano tívoese en conta o costume, a historia acreditada documental e literariamente e as normas ortográficas aceptadas pola comunidade académica.

Malia todos estes antecedentes, a denominación cooficial en valenciano non se aprobou no ámbito do Estado segundo as previsións do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que dispón no seu artigo 25.2 que «só mediante lei aprobada polas Cortes Xerais pode modificarse a denominación e capitalidade das provincias».

Para abordar coherentemente a regulación da cuestión é preciso ter tamén en conta a alínea 4 do citado artigo 7 do Estatuto valenciano, que —como Lei orgánica— forma parte do ordenamento xurídico estatal: «outorgarase especial protección e respecto á recuperación do valenciano».

Artigo 1.

A provincia de «Alicante» terá igualmente a denominación oficial de «Alacant».

Artigo 2.

A provincia de Castellón terá igualmente a denominación oficial de «Castelló».

Artigo 3.

A provincia de Valencia terá igualmente a denominación oficial de «València».

Disposición adicional única.

De acordo co artigo 7 do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana os organismos da Administración Xeral do Estado utilizarán a denominación das tres provincias en valenciano e castelán.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 6 de xullo de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

15227 LEI 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas. («BOE» 164, do 10-7-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O dictame da Comisión Mixta, non permanente, Congreso dos Deputados-Senado, sobre a fórmula e os prazos para a plena profesionalización das Forzas Armadas, aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados o 28 de maio de 1998 e polo Pleno do Senado o 9 de xuño do mesmo ano, establece un novo modelo sustentado nuns principios que supoñen un importante e histórico reto. Non se trata soamente de dotar con soldados e mariñeiros profesionais as actuais Forzas Armadas, coa conseguinte suspensión do servizo militar, senón de construí-los novos exércitos que España necesita, con gran capacidade de proxección exterior, plenamente operativos e dispostos para garanti-lo cumprimento das misións que o Goberno lles encomende.

II

O modelo de Forzas Armadas do futuro quedou deseñado, con carácter xeral, na lei que regula o réxime do seu persoal. Non obstante, un dos aspectos singulares da condición de militar que require unha definición complementaria con rango de lei é a obrigatoria mobilidade xeográfica derivada da dispoñibilidade por razóns profesionais. En efecto, a mobilidade ó longo da traxectoria

profesional do militar é unha característica ou esixencia relevante que contribúe eficazmente á súa capacitación e á operatividade dos exércitos. Por iso foi tradicional que tanto no noso país coma nos do noso contorno se aplicasen ó longo do tempo diversas políticas de vida militar, orientadas a facilitar a citada mobilidade co obxecto de asegurar que as unidades militares poidan dispor en todo tempo dos profesionais adecuados e que estes poidan desenvolver traxectorias enriquecedoras do propio perfil profesional para responder ás demandas da organización.

III

Este é o momento en que é posible abordar unha nova política, que se plasma nesta lei, o que xa por si mesmo representa unha novidade de gran importancia: o Parlamento someteu a debate e estableceu o modelo de apoio á mobilidade nos exércitos. Hai que ter en conta, neste sentido, que no tema conflúen dous aspectos nos que son desexables unha política de estabilidade e acordos políticos maioritarios. Por un lado, todo o relacionado coas esixencias da defensa e a operatividade das nosas Forzas Armadas e, por outro, un aspecto substancial na vida de calquera profesional que teña que estar sometido a frecuentes cambios de domicilio por esixencias do seu traballo.

O principio esencial desta lei segue sendo o tradicional de facilitar a mobilidade xeográfica do militar en servizo activo mediante o apoio ás súas necesidades de vivenda por cambio de destino e localidade. Ese principio concretase a través dunha compensación económica ou, en casos singulares, facilitándolle vivenda militar. Velaquí, coa alteración na orde na que se citan os dous tipos de apoios, compensación ou vivenda, e o carácter residual na concesión desta última, o cambio substancial que se pretende introducir con esta lei. O militar que cambie de destino e localidade recoñecerásele, por un período de tres anos como máximo, unha compensación económica que lle permita atender sen grave quebranto os problemas derivados da súa mobilidade. Unicamente en casos singulares derivados de motivos de operatividade, funcionalidade ou seguridade se lle adxudicará vivenda militar co réxime especial que se determina na propia lei. Nalgúns casos, estas razóns estarán baseadas na particularidade do posto que se ocupe e a vivenda militar será inherente ó destino; noutras, serán razóns obxectivas polas características de determinadas vivendas as que aconsellarán a súa adxudicación, que se producirá en función das cargas familiares, tempo de servizos, destinos e outras condicións específicas dos posibles usuarios que se determinen regulamentariamente. Este réxime especial de aplicación ás vivendas militares quedará excluído do réxime xeral da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

Para estes efectos, do actual parque de vivendas declararanse non alleables aquelas que, por se atoparen no interior de instalacións militares, por razóns de seguridade ou por necesidades operativas en zonas específicas, se consideren imprescindibles. Soamente estas vivendas poderán ser adxudicadas, en réxime de arrendamento especial, a partir da entrada en vigor desta lei. As causas da perda do dereito á súa ocupación estarán debidamente taxadas na propia lei.

IV

Feita a formulación xeral, convén facer un apuntamento máis. Como xa se sinalou, estase definindo un novo modelo de Forzas Armadas no que son parte substancial, ademais dos militares de carreira, os militares